



**M<sup>a</sup> DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL**, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Moción ante o Pleno da Corporación Municipal, para reclamar un novo Mercado Municipal para Ribeira na actual ubicación.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O actual Mercado Municipal de Ribeira atópanse nun estado lamentábel, sendo urxente a necesidade de dotarse dunhas novas instalacións, tanto á altura da calidade dos produtos que nel se comercializan, como da que a cidadanía de Ribeira merece e demanda. Despois de moitas promesas incumpridas, mercado virtual do 2007 incluído, o Goberno do PP de Ribeira, que se saiba, a día de hoxe aínda non dispón nin do solar onde poñelo.

Somos conscientes que a ubicación non é un tema menor. Por esta razón, o BNG presentou unha moción que se debateu en abril do 2009 no que propoñíamos que as instalacións do novo mercado se fixeran na ubicación actual. Isto non foi aceptado polo goberno, que tan só se comprometeu a axilizar a súa construción, algo que, a vista está, non fixo.

Na ubicación actual hai espazo suficiente para dotarse dun edificio moderno e funcional. Podería contar, ademais, cun amplo aparcamento soterrado se recorremos aos espazos públicos que hai a carón. Deste xeito os vehículos e mesmo as zonas de carga e descarga poderían quedar debaixo e disporíamos na superficie dunha ampla zona verde. Mentres tanto, os postos de venda trasladaríanse a un lugar alternativo, como se fixo noutros concellos, algo co que os vendedores e vendedoras da plaza concordan.

Na actualidade a demanda de novas instalacións para o Mercado é un o clamor tanto por parte de praceiras e praceiros como de usuarias e usuarios: milleiros de sinaturas recollidas e demandas por parte de asociacións como a de Amas de Casa de Ribeira así o constatan.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

### **A C O R D O :**

Que se dote a Ribeira dun novo Mercado Municipal na ubicación actual, procedendo á demolición ou rehabilitación total do vello edificio para construír no seu lugar o novo, trasladando, entretanto, a unha ubicación alternativa os actuais postos de venda.

Ribeira, 17 de setembro de 2010

Asdo.: M<sup>a</sup> Dominga Brión Sanmiguel

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**